

O Hotel Kafka mudara escasamente desta última volta que me aloxei. Hai hoteis que se senten tan facheirosos da súa estética, sabedores de que deron coa encrucillada de comodidade e de singularidade precisa para seren identificados, que nin pensan en mudala. O edificio coroaba un cotarelo e ocupaba un antigo castelo, a derradeira conquista de Franz. A friaxe da recepción volvíase bafo que me ía antecedendo ao saír pola recepción na mañá da miña estadía. Eu ía abrigado en gore tex ata o queixo. Fóra atopei neve. Unha neve exótica nunha vila de beiramar. Unha neve que en turco se chama *kar*. Orham Pamuk agardaba por min nun café de Kars. Saúdame collendo a miña man como se fose o mango dun fútbol e sacudíndoa con folgos vivos. Falamos sobre a cascada gregoriana do conto metamórfico e o primeiro que me comentou Pamuk é que a *cascada* non era unha *cascada*, que a palabra alemá *ungeziefer* é un xenérico para falar de insectos e que a irmá de Gregorio Samsa cualifícao de *escaravello* cando o mira. Non lle puiden apoñer nada porque pouco alemán dei memorizado no curso que me baixei da internet.

Pamuk faloume con emoción sobre a angustia que sentira no seu primeiro achegamento ao escritor alemán. Fora con *A metamorfose*, un título que o turco, traducindo outra volta, precisaba como *A transformación*. “Un home só, estarrecedoramente só”, creo lembrar que expresou impresionado aínda pola lembranza. Con todo, Pamuk preferira someter a ese home só ao proceso da relixión percibida como capa que ten que cubrir a sociedade toda, dado que nela viven entremesturados crentes e ateos nun vurullo de relacións e emocións imposible de desfacer. O autor turco manifestábase alporizado polo que lle acontecera o seu feble poeta Ka en Kars. O home de *Neve* regresara de Frankfurt para o enterro da súa nai nunha cidadela de Anatolia. Alí será un occidental para os islamitas e un estranxeiro para os ataturquistas. *O proceso* que se lle abre ao retornado por vivir varias décadas por diante nun país que ficou atrás no desenvolvemento do pensamento acabará coa súa vida, como lle acontecera ao K. kaffiano.

Despedínme de Pamuk con preocupación. El trataba de concentrarse na gloria do seu premio sueco e eu trataba asemade de que bocexase na súa mente o que lle podía acontecer se regresaba a Istambul. “A decisión está tomada”, dixo co seu sorriso preadolescente e bochechudo. Logo comprendín: Pamuk considerábase a encarnación dunha minoría occidemocrática e iso condicionábao a arriscar a súa vida coma un año místico. A súa visión dese sacrificio era propia dun crente, mais el negaríao se eu llo intentase facer mirar.

Unhas poucas mazás alén cruceime con Winfried George Sebald. Sei que en *Vértigo* afirma que descubriu a Kafka na popa dun vaporetto veneciano, sei que falou sobre a doenza da morriña en *Viaxe do Doutor K a un sanatorio de Riva*, mais non o detiven para falarmos a respecto do Corvo. Neste punto, debo sincerarme e confesar que me causa moito apuro conversar con escritores aos que non lles lin certos libros; carezo desa obriga, mais é unha sensación que me desacouga. Con todo, lin outros volumes de Sebald e sei do seu sentimento constante de ser estranxeiro, mesmo cando se atopa con alemáns; nese caso, a sensación muda en vontade.



Kafka, o corvo na beiramar

por: Jaureguizar

Supuxen que Kazuo Ishiguro non estaría na cidade que o Agrimensor K estudara no seu día. Naquela altura, eu imaxinara que podería preguntar ao xaponés pola súa estadía no Hotel Kafka sen medo a que reaccionase con perplexidade. Os seus personaxes son fillos do corvo checo: penso en *Os inconsolables*, con ese protagonista desconcertado entre lembranzas e dúbidas; penso no *Non me deixes nunca*, cos personaxes sometidos a un destino que bota naipes falseados.

Había case unha década que non visitaba a miña cidade natal, pero o *Brooklyn Follies* seguía inseguramente en pé. Paul Auster, o seu dono, seguía sendo igual de guapo, coidando esa ollada oblicua que sempre me lembra a un actor de Bollywood, e o seu local seguía estando igual de preciosamente desleixado. Non me atrevín a suxerirle que pechase un mes por reformas, creo que abundaba con mirar ao redor para decatarse. Agradecín a Auster que popularizase a anécdota da nena berlinesa á que Kafka consola da perda da súa boneca. Non porque a historia humanice un escritor tan humano, senón porque houbo unha chea de lectores que repararon nesa virtude do Corvo. “A literatura sanda todo”, lembroume Paul. A seguir, comentoume que Kafka aparecera pouco polo *Brooklyn Follies*, que estivera máis nos seus anteriores locais, nos chamados *A música do azar* ou *Leviatán*: alí si había homes perdidos nun mundo que os desacougaba pola súa rareza.

Penso que xa apuntei que o Hotel Kafka estaba nunha vila costeira. Si, fíxeno cando falei da estrañeza de que nevase a rentes do mar. Ben, se non o comentei antes, fágoo agora. O comentario ten importancia porque o derradeiro encontro daquela estadía foi na beiramar. Haruki Murakami sentara nun deses incómodos bares de praia que queren caribeños a base de madeiras de piñeiro e teitume de palmeira. Estaba pechado e as follas de palmeira termaban de neve, pero Haruki sentara alí cun abrigo negro de carneiro salvaxe. Unha bebida azul case transparente arrefriáballe os dedos de ambas as mans. O protagonista da súa obra *Kafka na beiramar* é Kafka Tamura e está sobrevoado sempre por un outro personaxe,

O Mozo Chamado Corvo. Haruki reconeceume que o nome de Corvo é unha tradución da palabra checa *kafka* e que Franz era un dos seus escritores de mesa de noite, mais rexeitou estar influído por el “porque o seu universo é tan amplo que sería unha ousadía pola miña banda”.

Tras do encontro co novelista xaponés, regresei engorde ao Hotel Kafka premendo coas solas dos zapatos na neve para sentila ruxir. Lembrei un parágrafo de *Kafka na beiramar* na que O Mozo Chamado Corvo fai por chegar á cerna que explica a existencia: “Ás veces, o destino imita unha pequena treboada de area que cambia de dirección sen parar. Ti mudas de rumbo intentando evitala. E daquela a treboada tamén cambia de dirección, seguíndote. Ti volves mudar de rumbo. E a treboada volve cambiar de dirección, como antes. E isto repítese unha e outra volta. Como unha danza macabra coa Morte antes do abrente. E a razón é que a treboada non é algo que veña de lonxe e que non garde relación contigo. Esta treboada, en definitiva, es ti. É algo que se atopa no teu interior. O único que podes facer é resignarte, entrar nela de cabeza, tapar con forza os ollos e as orellas para que non se che enchan de area e ir atravesándoa paso a paso”.